


BOLETÍN DE REPASO UNIDADE 1: O SER HUMANO E A SAÚDE.

1. Na seguinte representación dunha célula identifica cada estrutura celular co seu número correspondente:



1. Nucléolo (Núcleo)
2. Núcleo.
3. Citoplasma.
4. Ribosoma.
5. Retículo endoplasmático rugoso.
6. Aparato de Golgi.
7. Membrana plasmática.
8. Retículo endoplasmático lizo.
9. Mitocondria.
10. Lisosoma.
11. Citoplasma.
12. Centrosoma

2. Escribe as palabras que faltan para completar o seguinte parágrafo:

Os sucesivos graos de complexidade estrutural en que se organiza a materia viva desde o átomo ao ser vivo reciben o nome de **niveis de organización**. Pódense atopar **niveis abióticos** (sen vida) e **nives bióticos** (que teñen vida). Dentro dos sen vida encontramos o nivel **atómico**, formado polos átomos como C, H, O ou N. O nivel **molecular** onde atopamos as moléculas que se agrupan formando o nivel **macromolecular**. As macromoléculas asócianse formando os **orgánulos celulares**. Dentro dos que teñen vida encontramos o nivel **celular**, integrado polas células; as células con igual función e morfoloxía forman **tecidos**, varios tecidos forman os **órganos**, que desempeñan unha determinada función. Os órganos asócianse en estruturas superiores denominadas **aparatos** e **sistemas** e intégranse formando un **organismo pluricelular**.

3. Define os seguintes termos:

- a. Célula: unidade morfolóxica e funcional de todo ser vivo.
- b. Tejido: conxunto de células similares que actúan dunha forma conxunta e coordinada para desempeñar unha función concreta.
- c. Órgano: estrutura formada por diferentes tipos de tecidos que funcionan de maneira coordinada para levar a cabo unha función determinada.

- d. Aparato: asociación de varios órganos moi diferentes, os cales actúan de forma conxunta para realizar unha función común.
- e. Sistema: conxunto de varios órganos similares, constituídos polos mesmos tipos de tecidos, que actúan de forma conxunta para realizar unha función común.

4. Enumera os tecidos do organismo humano e as células que os caracterizan.

TECIDOS HUMANOS	TIPOS		CÉLULAS	FUNCIÓN
TECIDO EPITELIAL	De revestimento		Células epiteliais moi unidas entre elas.	Barreira que delimita o corpo exterior e interiormente.
	Glandular			Secreta substancias ao exterior ou a cavidades corporais (exócrinas) ou ao sangue (endócrinas)..
TECIDO MUSCULAR	Estriado cardíaco		Fibras musculares	Contracción rápida e involuntaria do músculo do corazón.
	Estriado esquelético			Contracción rápida e voluntaria dos músculos esqueléticos.
	Liso			Contracción lenta e involuntaria dos músculos das vísceras
TECIDO NERVIOSO			Neuronas e neuroglía	Transmitir o impulso nervioso.
TECIDO CONECTIVO	Conxuntivo		Fibroцитos	Envolve e relaciona órganos. Forma tendóns e ligamentos.
	Adiposo		Adipocitos	Reserva enerxética, illante térmico e mecánico.
	Cartilaxinoso		Condrocitos	Soporte esquelético. Forma as cartilaxes.
	Óseo	Esponxoso	Osteocitos	Soporte esquelético.
		Compacto		
Sanguíneo		Eritrocitos, leucocitos e plaquetas (fragmentos de células)	Transporte de nutrientes, refugallos e hormonas. Coagulación, cicatrización e defensa do organismo.	

5. Indica tres exemplos de cada unha das seguintes estruturas:

- a. Órganos: estómago, corazón e fígado.
- b. Aparatos: dixestivo, excretor e respiratorio.
- c. Sistemas: circulatorio, nervioso e linfático.

6. Describe brevemente as funcións dos seguintes aparatos e sistemas:

- a. Aparato respiratorio: subministra osíxeno ao organismo e elimina o dióxido de carbono.
- b. Aparato excretor: elimina os refugallos metabólicos e regula o equilibrio hídrico e salino.
- c. Sistema endócrino: produce hormonas.
- d. Sistema nervioso: interpreta e integra sensacións, elabora respostas, transmite a información nerviosa, controla as funcións viscerais autónomas e desenvolve as funcións cognitivas.

7. Cal é a definición de enfermidade? Cal é a diferenza entre os síntomas e signos dunha enfermidade? Pon 3 exemplos de cada un.

Enfermidade: estado no que algunha parte do organismo se altera e non realiza a súa función correctamente.

Os síntomas son manifestacións da enfermidade que só poden ser percibidos polo enfermo (dor, cansazo e mareo), sen embargo os signos poden ser percibidos por outras persoas ou por probas médicas (presión arterial, temperatura, inflamación)

8. Clasifica as seguintes enfermidades:

- a. Pé de atleta → enfermidade infecciosa fúnxica.
- b. Enfermidade do sono → enfermidade infecciosa protozoaria.
- c. Diabetes → enfermidade non infecciosa metabólica.
- d. Gripe → enfermidade infecciosa vírica.
- e. Trastorno de personalidade → enfermidade non infecciosa mental.
- f. Gonorrea → enfermidade infecciosa bacteriana.
- g. Fractura do fémur → enfermidade non infecciosa traumática.
- h. Malaria: enfermidade infecciosa protozoaria.
- i. Síndrome de Down → enfermidade non infecciosa conxénita.
- j. Alzheimer → enfermidade non infecciosa dexenerativa.
- k. Raquitismo → enfermidade non infecciosa carencial.
- l. Tétano → enfermidade infecciosa bacteriana.
- m. SIDA → enfermidade infecciosa vírica.

9. Qué unha zoonose? Son de contaxio directo ou indirecto?

Unha zoonose é unha enfermidade que se pode transmitir de animais a seres humanos. Polo tanto ten un contaxio indirecto, xa que a enfermidade pasa por un intermediario que sería o animal.

10. Indica as seguintes oracións son verdadeiras ou falsas. Se son falsas corríxeas.

- a. A flora bacteriana é un tipo de defensa interna. → F
A flora bacteriana é un tipo de defensa interna.
- b. As secrecións, como a saliva, posúen substancias que destrúen os microorganismos. → V
- c. Na resposta inmunitaria inespecífica interveñen os linfocitos. → F
Na resposta inmunitaria inespecífica interveñen os macrófagos.
Na resposta inmunitaria específica interveñen os linfocitos.
- d. Os macrófagos son células do sistema inmune que teñen capacidade de fagocitose. → V
- e. Os linfocitos B recoñecen os antíxenos das células invasoras e estimulan aos linfocitos T para producir os anticorpos. → F
Os linfocitos T recoñecen os antíxenos das células invasoras e estimulan aos linfocitos B para producir os anticorpos.
- f. Os linfocitos T son células que producen anticorpos. → F
Os linfocitos B son células que producen anticorpos.
- g. Os anticorpos son proteínas específicas que son diferentes para cada antíxeno. → V
- h. A vacinación é un método preventivo, ao igual que os antibióticos. → F
A vacinación é un método preventivo, mentres que os antibióticos son un tratamento.
- i. Os antibióticos son tratamentos para curar enfermidades bacterianas. → V

11. Indica que tipo de resposta inmunitaria se representa no seguinte debuxo. Explica que procesos teñen lugar, acordate de citar todas as células implicadas e a función de cada unha.

